

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E ULISES PROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L.U. PARA A COLABORACIÓN EN ACTIVIDADES DO APARTADO MUSICAL DA XVIII EDICIÓN DO FESTIVAL O MARISQUIÑO DE VIGO 2018

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar con **Ulises Project Eventos Especiales, SLU** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura **ata o 31 de outubro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a colaboración en actividades do apartado musical do festival O Marisquiño de Vigo, que celebrará a súa XVIII edición os días 10, 11 e 12 de agosto mediante unha variada programación que aúna música e propostas artísticas coas competicións estritamente deportivas. Bandas locais, nacionais e internacionais, que percorren os distintos estilos musicais, e unha presenza importante de djs, dinamizarán as actividades do recinto e pecharán as noites do festival.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Ulises Project organiza dende hai anos o considerado principal evento de cultura urbana do sur de Europa e pertencente á exclusiva elite de eventos "world cup", un evento no que se dan cita cada ano milleiros de afeccionados e profesionais das distintas disciplinas deportivas que acuden a disfrutar, así mesmo, das distintas propostas culturais que dotan de personalidade a esta cita. Unha completa axenda deportiva, con probas puntuables para os seus respectivos campionatos do mundo, únese a unha programación musical, artística e cultural de calidade que pecha as noites do festival con bandas locais, nacionais e internacionais, e onde os dj teñen así mesmo unha presenza importante dinamizando as actividades do recinto.

A Agadic e Ulises Project consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2018 que profundicen na promoción e potenciación do sector cultural galego a través da colaboración neste festival, que destaca polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional de calidade, que gaña espazo cada ano, esforzo este que coincide plenamente coa liña de difusión e promoción cultural que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das  
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia  
Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
tel.: 881 99 60 77 / 78  
fax: 881 99 60 80  
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas singulares que aúnan a música e as propostas artísticas con programas doutras disciplinas e que transmiten, xuntas, valores de xuventude, modernidade, amizade, creatividade e riqueza cultural, creando unha marca de personalidade propia construída dende a coherencia e a credibilidade.

Na liña de recuperación da nosa cultura e co fin de acadar unha maior eficacia na consecución dos nosos obxectivos de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega e dado o interese común na posta en marcha tanto de novos programas coma de mellora dos xa existentes, é polo que se artella este convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e Ulises Proyect que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades musicais que enriquecen, sen dúbida, o noso patrimonio cultural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

